



Convocatoria de Asemblea Xeral ordinaria 2017

Benquerida/o socia/o,

Comprácame convocarte á Asemblea Xeral ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

- Día: **sábado 11 de febreiro** de 2017
- Hora da primeira convocatoria: 11.30 h
- Hora da segunda convocatoria: **12.00 h**
- Lugar: Restaurante Espazo Cultural **A Nave de Vidán** (Avda. da Mestra Victoria Míguez, 44, Santiago de Compostela)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
7. Cambios de responsabilidades na Xunta Directiva
8. Rolda aberta de intervencións

Documentación para a Asemblea

Para que poidas preparar mellor as túas achegas e propostas e así facermos entre todas e todos una asemblea máis áxil, dinámica, participativa e produtiva, días antes da asemblea enviámosche a documentación necesaria por correo electrónico: acta da asemblea anterior, informe de xestión e propostas de acción para o próximo exercicio.

Antes diso, podes remitirnos todas as ideas e propostas que teñas e que creas que a CTNL pode desenvolver, para así incluírmolas no informe de propostas de acción. Así e todo, lembra que sempre podes facer propostas e suxestións directamente durante a asemblea.

Atentamente,

Anxos Sobriño Pérez,
presidenta da CTNL

Pontevedra, 24 de xaneiro de 2017



Xantar de confraternidade lingüística

O mesmo día da Asemblea da CTNL teremos, no mesmo espazo, un xantar aberto de confraternidade lingüística, no que nos gustaría moito contar coa túa participación.

- Lugar: Restaurante **A Nave de Vidán** | www.anavedevidan.com
- Hora: **14.30 h.**
- Menú: **cocido** (sopa, cacheira, lacón, costela, polo, vitela, garavanzos, patacas, grelos, chourizos, filloas, pan, viños, cafés e licores).
- Prezo: **25 euros.**
- Confirmación: agradecemosche que **confirmes** a túa asistencia ao xantar o máis axiña posible. En todo caso até o **7 de febreiro**, no enderezo **info@ctnl.gal** ou no teléfono **629571950**.